

# **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**

Precisando a cidade de Vigo da colaboración dos seus cidadáns, sobre todo dos distinguidos en diferentes aspectos da vida cultural, co fin de fomentar, orientar e coordena-las opinións ou ideas relacionadas con canto estea vencellado coa cidade e cos seus intereses materiais, e plasmando todo iso en investigacións, publicacións ou calquera outra manifestación, resulta conveniente a creación dunha Institución que canalice e desenvolva as iniciativas que poidan xurdir neses campos.

Para o mellor desenvolvemento deses fins, poderá solicita-la colaboración doutras Institucións, Organismos ou Entidades de calquera ámbito territorial.

## **REGULAMENTO**

### **CAPITULO I**

#### **CONSTITUCIÓN E FINS**

##### **ARTIGO 1º**

Baixo o Padroado da FUNDACION PROVIGO E A SUA AREA, créase nesta cidade o INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES.

##### **ARTIGO 2º**

Os fins do INSTITUTO serán fomentar, orientar e coordina-lo labor investigador nas diferentes ramas das ciencias, as técnicas, as artes, etc... e en tódalas súas manifestacións que se refiran a Vigo e bisbarra. E informar a petición dos organismos e entidades culturais cuxos fins sexan compatibles cos propios.

### **ARTIGO 3º**

A FUNDACION cooidará especialmente de colaborar no desenvolvemento da vida do INSITUTO.

A sede queda establecida nos locais da Universidade Popular, cedidos ó efecto polo Excmo. Concello de Vigo, aínda que poidese trasladarse, a proposta do propio INSTITUTO, e previa aprobación do Padroado da FUNDACIÓN.

O INSTITUTO, formado polos Membros e Xunta Xeral, estará baixo o patrocinio da FUNDACIÓN.

## **CAPITULO II**

### **DA XUNTA DE GOBERNO**

### **ARTIGO 4º**

O INSTITUTO estará rexido por unha Xunta de Goberno, composta por un Director, un Vicedirector, tres vocais e un Secretario-Conservador.

Todos estes cargos serán desempeñados por Membros Numerarios do INSTITUTO, elixidos pola Xunta Xeral do mesmo, en candidaturas abertas. A elección será por catro anos, renovable por un segundo período, podendo o trascorrer este, ser elixido para outro cargo.

A FUNDACIÓN estará representada na Xunta de Goberno do INSTITUTO, por persoa allea a ós fins culturais do mesmo, sendo a súa función de control administrativo e meramente auxiliar.

### **ARTIGO 5º**

A Xunta de Goberno manterá en cada trimestre natural unha sesión ordinaria, que será convocada polo Secretario, por orde do Director, con quince días como mínimo de antelación á data da súa realización.

## **ARTIGO 6º**

A Xunta de Goberno poderá manter sesións extraordinarias por iniciativa do Director ou á solicitude da maioría dos seus compoñentes. Neste caso, a reunión terá lugar, como máximo, dentro dos vinte días seguintes á súa petición.

## **ARTIGO 7º**

As atribucións da Xunta de Goberno, amais doutras que aparezan neste Regulamento, son:

- a) Propoñer á Xunta Xeral os Planos anuais de traballo, os Presupostos tamén anuais, e os extraordinarios que puidesen ser necesarios, as Memorias Anuais e a Liquidación de Presupostos, tanto ordinarios como extraordinarios para ser sometidos á FUNDACIÓN.
- b) Dar conta á FUNDACIÓN da elección de membros Numerarios e Colaboradores.
- c) Propoñer á Xunta Xeral a creación e modificación de Seccións, a súa organización e regulamento ou a supresión das mesmas.
- d) Administra-los bens e rendas do INSTITUTO, segundo a normativa da FUNDACIÓN.
- e) Interpreta-lo Regulamento e demais normativas que poida te-lo INSTITUTO.
- f) Coñecer previamente os discursos de recepción dos membros Numerarios e os de resposta ós mesmos, (así como calquera outro que se vaia ler en sesión pública) e as obras, ou traballos que publique o INSTITUTO, conforme a súa planificación anual. E, neste último caso, co informe previo da Comisión de Publicacións.
- g) A Xunta Xeral á proposta da de Goberno poderá, no seu día, crea-las Comisións que considere axeitadas.
- h) Selecciona-lo persoal necesario, bolseiros, etc. que a contrata-la la FUNDACIÓN.

## **ARTIGO 8º**

Sempre que sexa posible, o INSTITUTO organizará unha sesión solemne e pública para a inauguración de cada ano. Nela darase lectura á Memoria do anterior, e pronunciarase un discurso por unha personalidade que determine a Xunta de Goberno. Tamén serán públicas e solemnes sempre que sexa posible, as sesións de recepción dos Membros de Honra e Numerarios, nas que estes últimos e os seus contestantes lerán os correspondentes discursos.

## **ARTIGO 9º**

O Director do INSTITUTO, presidirá a Xunta de Goberno e a Xunta Xeral, canalizará as discusións e gozará de voto de calidade. Ha sinala-las datas de xuntas ordinarias e extraordinarias. Coñecerá a correspondencia que se reciba no INSTITUTO, asinará e expedirá á que non sexa de simple trámite e fará cumprir-las Estatutos e demais normativa e os acordos lexitimamente adoptados. Nos casos de urxencia, poderá adopta-las resolucións, das que dará conta axiña á Xunta de Goberno. Tamén poderá asistir ás reunións das Seccións cando o desexe, e ás que sempre será convocado, e no caso de asistir, presidiráas.

## **ARTIGO 10º**

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante, será substituído polo Vicedirector, en quen poderá delega-lo o Director temporalmente, na forma que estime oportuno, algunha ou algunhas das súas atribucións.

## **ARTIGO 11º**

O INSTITUTO estruturarase en Seccións que han comprende-las diferentes materias que poidan ser obxecto de estudio. O seu número e as actividades que cada unha delas vai desenvolver, formando parte dos planos de Traballo, será acordado pola Xunta Xeral.

Inicialmente, as Seccións han se-las seguintes:

- Xeografía e Historia
- Arqueoloxía e Etnografía
- Toponimia, Filoloxía e Lieteratura
- Arte
- Arquitectura e Urbanismo
- Economía
- Filatelia, Numismática e Diplomática

Tamén serán posibles:

- Ciencias Xurídicas e Sociais

- Ciencias Físico-Naturais
- Turismo e Deportes

### **ARTIGO 12º**

Cada Sección ha elixi-lo seu Presidente, que será directamente responsable do bo funcionamento da mesma, e estará en contacto permanente co Director do INSTITUTO para a mellor marcha dos asuntos.

### **ARTIGO 13º**

Tódolos Membros Numerarios, teñen que estar adscritos, como mínimo, a Sección máis acorde cos seus coñecementos específicos. Tamén os Membros Colaboradores poderán adscribirse ás Seccións a proposta dos respectivos Presidentes á Xunta de Goberno.

### **ARTIGO 14º**

Corresponde o Secretario-Conservador:

- a) A redacción dos proxectos de planos de traballos e de memorias anuais que detalle o labor das Seccións.
- b) A dos proxectos e presupostos e das súas liquidacións.
- c) O trámite dos asuntos antes e despois das sesións da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral.
- d) Levanta-las actas das mesmas co visto e praxe do Director.
- e) Expedir certificacións co visto e praxe do Director.
- f) Redacta-los borradores da correspondencia que teña que asina-lo Director.
- g) Ter baixo custodia os documentos, libros, obxectos artísticos ou históricos, etc... do INSTITUTO, ou en depósito, debidamente catalogados.
- h) Terá ó seu cargo a Xefatura directa do persoal do Instituto e, en xeral, colaborará estreitamente co Director, para a mellor marcha do INSTITUTO.

### **ARTIGO 15º**

No caso de ausencia, enfermidade ou vacante, o Secretario-Conservador será substituído interinamente polo Numerario máis novo.

## **CAPITULO III**

## DA XUNTA XERAL

### ARTIGO 16º

A Xunta Xeral do INSTITUTO estará composta de tódolos Membros Numerarios, que deberán asistir ás súas reunións persoalmente podendo, e no caso de imposibilidade, delegar para cada ocasión, noutro Numerario, mediante carta dirixida ó Director.

### ARTIGO 17º

As reunións poderán ser ordinarias e extraordinarias, e serán convocadas polo Secretario por orde do Director, con quince días como mínimo de antelación á súa data de realización. Necesitarase a asistencia da maioría dos Numerarios para que se faga efectiva en primeira convocatoria, e calquera número de asistentes en segunda, que ha facerse media hora máis tarde cá sinalada para a primeira.

Cando se trate da Xunta Xeral para a renovación de cargos directivos, será extraordinaria, e terá lugar no mes de outubro.

### ARTIGO 18º

As sesións ordinarias serán dúas ó ano, e levaranse a cabo nos meses de outubro e febreiro. As extraordinarias, cando o decida a Xunta de Goberno ou á solicitude da metade alomenos dos Numerarios, e deberá, neste caso, facerse como máximo nos vinte días seguintes a súa petición.

### ARTIGO 19º

Serán facultades da Xunta Xeral, amais doutras que aparezan neste Regulamento:

- a) Aprobar para a súa elevación á Xunta de Goberno os planos anuais de Traballo, os Presupostos tamén anuais e os extraordinarios que puidesen cumprir. As Memorias Anuais e a liquidación dos Presupostos, tanto ordinarios coma extraordinarios. Todos estes documentos terán como destinatario á FUNDACIÓN.
- b) Elixir, por maioría absoluta ós Membros Numerarios do INSTITUTO e ós Colaboradores.
- c) A creación e modificación de Seccións, a súa organización e regulamento, e a supresión das mesmas, a proposta da Xunta de Goberno ou da cuarta parte, alomenos, dos Membros Numerarios.
- d) A elección de tódolos membros da Xunta de Goberno, será por maioría absoluta sobre candidaturas abertas, que se presentarán asinadas por seis Membros Numerarios constando nelas a conformidade dos

presentados. Tales candidaturas obrarán na Secretaría do INSTITUTO cunha antelación mínima de trinta días naturais anteriores á data das eleccións.

## **CAPITULO IV**

### **DOS MEMBROS DO INSTITUTO**

#### **ARTIGO 20º**

Os Membros do INSTITUTO, serán de tres clases:

- Honorarios
- Numerarios (Fundadores ou non)
- Colaboradores.

#### **ARTIGO 21º**

Os Membros Honorarios, que poderán ser individuais ou colectivos, serán nomeados pola FUNDACIÓN, a proposta da Xunta Xeral, entre persoas de notable relevo e con obra escrita ou activa nas materias tratadas polo INSTITUTO, ou que afecte á vida do mesmo.

Poderá haber un Presidente de Honra, título que poderá otorgarse polo Padroado, tamén a proposta da Xunta Xeral a persoa de prestixio excepcional en algo que afecte á vida e fins do INSTITUTO. Ambosos dous casos precisarán da maioría absoluta dos Membros Numerarios do INSTITUTO.

## **ARTIGO 22º**

Os Membros Numerarios serán elixidos entre persoas que destaquen pola súa personalidade científica, literaria, artística ou técnica nalgunha das facetas da Institución. O seu número máximo será de vintecinco.

Son Numerarios Fundadores aqueles que foron nomeados como núcleo constitucional do INSTITUTO polo Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo. Os demais numerarios non terán a condición de Fundadores.

Estes Numerarios serán elixidos, pola Xunta Xeral, coa maioría absoluta dos Membros Numerarios asistentes, pró que precisárase a proposta fundamentada de tres Numerarios, amais do informe favorable doutros tres que serán designados pola Xunta de Goberno.

Para a súa posesión (ata ese intre serán considerados como electos) precisárase a lectura do seu discurso de ingreso. Terán un prazo máximo de doce meses dende a súa elección, e de non face-lo así, entenderase que renuncian a formar parte do INSTITUTO. Na Sesión Académica, un dos membros Numerarios contestará no nome dos memos.

Tódolos Membros Numerarios terán dereito a un título acreditativo expedido polo Director e o Secretario do INSTITUTO, e a usa-la medalla corporativa e a miniatura que a Xunta Xeral determine.

## **ARTIGO 23º**

Serán membros Colaboradores aquelas persoas seleccionadas pola súa valía en calquera campo da cultura, e serán presentados para elección pola Xunta Xeral, a través da do Goberno, en proposta subscrita por tres Numerarios.

## **ARTIGO 24º**

Tódolos membros do INSTITUTO serán vitalicios, e o seu cese, agás no caso de renuncia persoal, poderá producirse por causas académicas graves, previo acordo da Xunta Xeral coa maioría mínima de dous tercios do total de Numerarios, e a conformidade da FUNDACIÓN.

## **CAPITULO V**

### **DA VIDA ECONÓMICA DO INSTITUTO**

#### **ARTIGO 25º**

O INSTITUTO carece de patrimonio propio. Os seus medios económicos e materiais serán os que lle faciliten o Concello de Vigo, a FUNDACIÓN, outros organismos e particulares. A FUNDACIÓN e o INSTITUTO establecerán un convenio no que se especificarán as condicións para o desenvolvemento da vida económica do INSTITUTO.

As doazóns, legados ou mandas e depósitos que poidan terceras persoas destinar ó INSTITUTO serán aceptados, de acordo co establecido nos seus Estatutos, pola FUNDACIÓN, quen estará na obriga de destinalos integramente ós fins do INSTITUTO nas condicións que os doantes, etc. poidan facer constar no correspondente documento.

#### **ARTIGO 26º**

A proposta á FUNDACIÓN da modificación do presente Regulamento, só se poderá facer polo acordo da Xunta Xeral, co voto favorable alomenos de dous tercios do total dos Membros Numerarios, ou no caso dunha segunda convocatoria, co voto favorable da maioría absoluta dos asistentes.

#### **ARTIGO 27º**

Tamén coa mesma maioría, poderíase acordar pola FUNDACIÓN, e á proposta da Xunta Xeral, a disolución do INSTITUTO, se se desen as causas graves que así o aconsellasen.

Neste caso, os fondos de todas clases (libros, documentos, etc. do INSTITUTO) pasarán a ser propiedade plena do Excmo. Concello de Vigo, respetando sempre no seu caso o establecido no párrafo segundo do ARTIGO 25º.

## **ARTIGO 28º**

O presente Regulamento entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1997, unha vez aprobado pola Xunta Xeral do INSTITUTO e polo Padroado da FUNDACIÓN, e substitúe ó vixente de data 23 de xullo de 1993.

Aprobado por unanimidade pola Xunta Xeral Extraordinaria en primeira convocatoria, do INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES que tivo lugar o día 19 de decembro de 1996.

DIRECTOR

SECRETARIO-CONSERVADOR

Andrés Martínez-Morás y Soria

Bernardo M. Vázquez Gil